

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés				
Materia	Primeiro idioma estranxeiro VII: Inglés			
Código	V01G180V01503			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Yáñez Bouza, Nuria			
Profesorado	Bringas López, Ana María			
Correo-e	nuria.y.b@uvigo.es			
Web	http://www.faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Materia que amplía os coñecementos de inglés instrumental obtidos no primeiro e segundo cursos do Grao, co fin de acadar un nivel avanzado (C2) nas competencias lingüística e comunicativa do idioma. Materia impartida con libro de texto e materiais complementarios de nivel C2.1.			

Competencias	
Código	
A1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
B5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
B7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos.
B8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
B9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.
B10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

B11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.
B12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.
B13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada.
C1	Mellorar o coñecemento da lingua instrumental co fin de obter unha competencia lingüística e comunicativa na lingua obxecto de estudo.
C2	Desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.
C8	Mellorar a compresión lectora en rexistros formais e semiformais, entender a organización do texto e deducir o significado polo contexto.
C9	Incrementar a destreza de expresión escrita nunha variedade de temas e unila á expresión oral.
C11	Fomentar a capacidade de expresión da lingua a través do traballo en equipo.
C12	Dominar a dimensión social da lingua e saber como utilizala en función do contexto.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Comprensión dos conceptos gramaticais básicos e a súa expansión.	A4 A4 A5	B3 B4 B5 B5 B6 B8 B9 B10 B11	C1 C2 C5 C7 C8 C13 C20	D2 D3 D9 D10 D16 D17 D20
Desenvolvemento das abilidades de comprensión e expresión oral e escrita no primeiro idioma estranxeiro.	A1 A3 A4 A5	B3 B5 B13	C2 C9 C15	D2 D10
Comprensión dos conceptos básicos e avanzados de lectura e redacción de textos.	A1 A3 A4	B1 B3 B4 B5 B5 B6 B9 B11	C9 C11 C23	D1 D2 D3 D5 D8 D9 D10 D13 D16 D17
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse de xeito escrito e oral co vocabulario e a organización apropiadas.	A1 A4 A5	B1 B8 B9	C8 C12 C21	D1 D2 D10
Familiarización con hábitos de traballo en equipo.	A2 A3 A5	B7 B10 B13	C11 C12 C34	D8 D9 D15 D17 D18
Desenvolvemento das destrezas de comprensión e expresión orais no uso do vocabulario e na produción do discurso oral en base aos coñecementos adquiridos a través da lectura e da redacción.	A1 A4 A5	B1 B3 B7 B8 B8	C1 C2 C12	D1 D2 D3 D8 D9 D10 D16 D17 D20
Adquisición dos coñecementos necesarios para expresarse na lingua obxecto de estudo centrándose na comunicación interpersoal e no contexto internacional que ofrece o primeiro idioma estranxeiro.	A1 A2 A5	B3 B10 B11 B13	C2 C12 C27 C41	D1 D2 D3 D7 D9 D10 D16 D17 D19

Desenvolvemento da aprendizaxe autónoma na aplicación dos coñecementos gramaticais e léxicos á contextos orais e escritos.	A2 A5	B3 B4 B5 B12 B13	C1 C35 C36 C37	D1 D2 D3 D5 D7 D9 D15 D17 D20
Expansión dos coñecementos teóricos e prácticos para a súa posterior aplicación ao exercicio profesional.	A1 A5	B1 B2 B12 B13	C11 C12 C18	D1 D3 D5 D6 D7 D8 D9 D11 D14 D15 D16 D17 D20

Contidos

Tema	
I. USE OF ENGLISH (grammar and vocabulary)	1. Phrasal and prepositional verbs. 2. Advanced conditional clauses. 3. Inversion. 4. Verb patterns:gerunds and infinitives, etc. 5. Advanced reported speech. 6. Advanced passive and causative structures. 7. Collocations and Register Tasks: transformations, multiple choice, cloze test.
II. LISTENING	1. Casual conversation. 2. News and interviews. 3. Documentaries. 4. Academic lectures and debates. 5. Advertisements. 6. Films. Tasks: multiple choice, multiple matching, sentence completion.
III. VOCABULARY	1. Daily Life. Idioms and everyday expressions. 2. Nature: Fauna and flora. 3. Official language: Politics and public institutions. 4. Press language: advertising and the mass media. 5. Academic language. Culture and technology. 6. British English and other varieties of English. Tasks: multiple choice, word formation, cloze test.
IV. READING	1. Newspaper and magazine articles. Literary passages: structural analysis; key words and ideas. 2. Scientific articles and essays: paraphrasing; contrasting; summarising main ideas. 3. Reports and proposals: analysis, argumentation and assessment. Tasks: multiple-choice text, gapped text, multiple matching.
V. WRITING	1. Summaries. 2. Reviews 3. Essays. 4. Letters to the editor. Tasks: drafting, editing, formatting and writing compositions.
VI. SPEAKING	Academic presentations on the topics discussed in class. 1. Aims and objectives. 2. Researching one's audience. 3. Presentation structure. 4. Script and visual aids. 5. Delivering one's presentation. 6. Handling questions. Tasks: giving presentations, addressing an audience, answering questions, debating and contrasting ideas.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	4	4	8
Lección maxistral	24	30	54
Traballo tutelado	16	27	43
Prácticas autónomas a través de TIC	0	12	12
Presentación	16	32	48
Exame de preguntas obxectivas	4	12	16
Traballo	8	24	32
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	6	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Explicación por parte do profesorado de teoría do libro de texto no tocante a gramática, lectura, vocabulario e escoita segundo os contidos do curso. As explicacións teóricas iranse intercalando coa posta en práctica dos coñecementos adquiridos, mediante exercicios, debates u outras actividades.
Traballo tutelado	Actividades de complemento ás sesións maxistrais. Práctica e consolidación das destrezas de escoita, lectura e vocabulario.
Prácticas autónomas a través de TIC	Repaso das estruturas, construcións gramaticais e vocabulario estudadas nas unidades do curso por medio de cuestionarios en liña empregando o software do libro de texto.
Presentación	Práctica da escrita e da fala co lector/a do curso por medio da redacción de textos e presentacións orais nas clases prácticas en grupos reducidos.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Orientación xeral e consultas na aula sobre o contido da materia e a aplicación dos conceptos teóricos.
Traballo tutelado	Práctica das destrezas comunicativas e da aplicación dos contidos lingüísticos (Use of English).Consultas sobre os exercicios e o proceso de aprendizaxe.
Presentación	Práctica da destreza de expresión oral. Consultas sobre as probas de exposición na aula.
Probas	**Descrición**
Exame de preguntas obxectivas	Proba sobre a os contidos de gramática e vocabulario (Use of English). Aplicación práctica dos contidos lingüísticos da materia. Revisión de probas .
Traballo	Atención en horario de titorías. Consultas sobre a planificación de traballos e presentacións.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Práctica das destrezas de comprensión oral e escrita. Orientación sobre as estratexias de aprendizaxe para conseguir resultados satisfactorios.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Prácticas autónomas a través de TIC	Exercicios en liña semellantes e complementarios aos discutidos nas clases de grupo único durante o curso empregando o software proporcionado polo libro de texto. O alumnado terá que subir evidencias do seu traballo de xeito regular á plataforma de autoaprendizaxe Faitic Tema. (Use of English)	10	A1 A5	B5 B12	C1
Presentación	Tres presentacións orais nos grupos de prácticas para o desenvolvemento da destreza de expresión oral e a competencia comunicativa (Speaking). Os temas e o calendario serán fixados polo profesorado das clases prácticas despois da organización dos grupos ao comezo das sesións presenciais.	20	A2 A3 A4 A5		C1 C2 C9 C12
Exame de preguntas obxectivas	Exame final comprensivo dos temas de gramática e vocabulario (Use of English) impartidos ao longo do curso con exercicios tipo exame de Cambridge Proficiency e similares aos das unidades do libro de texto e o material complementario compartido na plataforma faitic.	20		B10 B13	C1 C8 C11 C12
Traballo	4 Traballos escritos que avaliarán a destreza de expresión escrita (writing). As datas de entrega fixaranse na plataforma faitic ao comezo do curso	20	A3 A4 A5	B9 B10 B11 B13	C2 C9 C11 C12

Resolución de problemas e/ou exercicios	Dúas probas tipo test para avaliar as destrezas de comprensión oral e escrita (Listening 15%, Reading 15%)	30	A1	B10 B13	C1 C2 C12

Outros comentarios sobre a Avaliación

A) PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

O sistema de avaliación recomendado para este curso de inglés avanzado é o sistema de avaliación continua . O alumnado deberá participar de xeito regular e activo nas tarefas de aula e presentar os traballos, exercicios e presentacións, requiridos conforme aos prazos establecidos ao comezo do curso. O exame final comprensivo (Use of English: grammar and vocabulary) tipo test terá lugar na data oficial acordada e publicada na páxina web da facultade.

O alumnado poderá acollerse á avaliación continua (A.1) ou á avaliación única (A.2) e ten que informar ao profesorado antes da fin da segunda semana de clase.

A.1) Avaliación continua
Recoméndase a avaliación continua e o traballo diario na materia, xa que o estudo constante e progresivo é o sistema máis axeitado para a aprendizaxe dun idioma. Para acollerse ao sistema de avaliación continua, se recomenda ao alumnado asistir e participar con regularidade ás sesións presenciais, tanto teóricas como prácticas así como realizar as tarefas e exercicios que se lle requiran. Para superar a avaliación continua será necesario:

1) Aprobar cada unha das destrezas comunicativas (Writing: 20%, Speaking: 20%, Reading: 15% e Listening: 15%) e a destreza lingüística (Use of English and Vocabulary: exercicios en liña : 10% e exame final: 20%)

Na segunda edición de actas (xullo) o alumnado só terá que presentarse ás destrezas suspensas.

2) Realizar 4 traballos escritos (Writing 20%), 3 presentacións orais (Speaking 20%), 2 probas de comprensión escrita (Reading 15%) , 2 probas de comprensión oral (Listening 15%) e exercicios en liña de seguimento das unidades do libro de texto (Use of English 10%). As datas de entrega dos traballos e da realización das probas anunciaranse na plataforma Faitic. Toda esta parte computará o 80% da cualificación final.

3) Aprobar unha proba final que constará dun test de resposta curta sobre os contidos lingüísticos (Use of English: Grammar and Vocabulary). Esta parte computará o 20%. A proba final realizarase na data establecida no calendario oficial de exames aprobado en Xunta de FFT.

É preciso aprobar cada unha das partes cunh nota mínima de 5. As alumnas ou alumnos que suspendan a materia na primeira edición das actas terán que repetir e superar na segunda edición de actas aquelas partes da avaliación que non foron aprobadas. Gardarase a nota das partes aprobadas e as porcentaxes da cualificación final non variarán.

A.2) Avaliación única

Aquelas persoas matriculadas que non poidan cumprir os requirimentos do curso coa regularidade esixida deberán comunicarllo de xeito razoado ao profesorado ao comezo das sesións presenciais e non farán avaliación continua. Para estas persoas existirá un modelo de avaliación única ao final do cuadrimestre por medio dun exame global e comprensivo sobre a materia e as destrezas do curso conforme ás seguintes porcentaxes:

1) Use of English: Grammar and Vocabulary -- 30% da cualificación final

2) Writing -- 20% da cualificación final

3) Speaking -- 20% da cualificación final

4) Listening -- 15% da cualificación final

5) Reading -- 15% da cualificación final

Este exame terá lugar na data establecida no calendario oficial de exames aprobado en Xunta de FFT.

É preciso aprobar cada unha das partes cunh nota mínima de 5. As alumnas e alumnos que suspendan nesta modalidade de avaliación única na primeira edición das actas en decembro terán que repetir e superar na segunda edición de actas, en

xullo, aquelas partes que teñan suspensas. Gardarase a nota das partes aprobadas e as porcentaxes da cualificación final non variarán.

B) SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (XULLO)

O alumnado que non se presente á avaliación continua ou á avaliación única na primeira edición das actas terá que facer un exame das mesmas características que o exame de avaliación única , coas mesmas cinco partes e as mesmas porcentaxes:

2) Writing -- 20% da cualificación final

3) Speaking -- 20% da cualificación final

4) Listening -- 15% da cualificación final

5) Reading -- 15% da cualificación final

Este exame terá lugar na data establecida no calendario oficial de exames aprobado en xunta de FFT.

NOTAS

O alumnado en programas de intercambio con universidades estranxeiras que estea interesado en matricularse neste curso deberá ter en conta que o libro de texto e os materiais de clases complementarios están encamiñados á preparación do Cambridge Proficiency Exam e outros títulos semellantes de nivel C (C1-C-2).

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero na materia. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

O uso de diccionarios, ordenadores ou outros aparellos electrónicos, con o sin conexión a internet, non está permitido durante as probas

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Capel, A. & W. Sharp, **Objective Proficiency (Student's book)**, Second edition, CUP, 2013

Mann, Malcom && S.T.Knowles, **Destination C1 & C2. Grammar and Vocabulary**, First edition, Macmillan, 2007

Vince, M., **English Grammar and Vocabulary**, Second edition, Macmillan, 2014

Bibliografía Complementaria

Sunderland, P. & E. Whetten., **Objective Proficiency (Workbook)**, Second edition, CUP, 2013

Brazil, D, **Pronunciation for Advanced Learners of English**, CUP, 1994

Greenall, S. & M. Swan, **Effective Reading**, CUP, 1995

Grellet, F, **Writing for Advanced Learners of English**, CUP, 1997

Hewings, M, **Advanced Grammar in Use**, CUP, 2005

Hewings, M, **Cambridge Grammar for CAE and Proficiency**, CUP, 2009

Jones, Leo, **New Progress to Proficiency**, Third edition, CUP, 2006

McCarthy, M. & F. O Dell, **English Vocabulary in Use**, CUP, 2002

McCarthy, M. & F. O'Dell, **English Idioms in Use**, CUP, 2004

McCarthy, M. & F. O'Dell, **English Phrasal Verbs in Use**, CUP, 2004

Moore, Julie, **Common Mistakes at Proficiency.... and How to Avoid Them**, CUP, 2005

Mylnarczyk, R. & S.B, **In Our Own Words**, CUP, 2007

Profesor materia, **Course 2018-19: complementary materials**, Faitic Tema, 2017

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro I: Inglés/V01G180V01104
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro II: Inglés/V01G180V01105
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro III: Inglés/V01G180V01203
Idioma moderno: Primeiro idioma estranxeiro IV: Inglés/V01G180V01204

Primeiro idioma estranxeiro V: Inglés/V01G180V01302
Primeiro idioma estranxeiro VI: Inglés/V01G180V01403

Outros comentarios

1.- Nunha materia de inglés instrumental, a asistencia activa ás sesións presenciais constitúe un elemento chave na adquisición de competencias por parte do alumnado, polo que se recomenda a asistencia e participación activa na aula.

2.- Recoméndase tamén empregar os recursos da biblioteca dun xeito regular e eficaz no estudo e na redacción de traballos e presentacións.